



COMITÉ DE ACTIVIDADES

ASUNTO: CANCELACIÓN DO TORNEO “CIUDAD DE A CORUÑA”

COMUNICADO

Polo Club del Mar de San amaro se pon en coñecemento da FGTM a cancelación do “XIII torneo cidade da Coruña” polo motivo seguinte:

Imposibilidade de participación dos seus xogadores na proba: “Toda vez que, habiéndose intentado subsanar con la Federación Galega de Tenis de Mesa el error en la inscripción de parte de sus jugadores asumida por el Club del Mar, aquélla entiende que aún en plazo de rectificación de errores y a doce días de la competición no hay posibilidad de rectificación tal como refleja el Reglamento del Ranking Autonómico, con el mismo argumento, el Club del Mar asume que debe velar por sus intereses, los de sus deportistas y los de sus asociados, por lo que no organizará ninguna prueba en la que éstos no participen. Lamentando las molestias ocasionadas a los clubes con jugadores inscritos en tiempo y plazo”.

1. En primeiro lugar, tal e como figura nas bases do campionato, a data límite para inscrición de xogadores foi o pasado día **3 de agosto de 2017 ás 22:00 horas**. Chegado o término establecido, o Club del Mar tiña inscritos uns xogadores para participar no torneo.
2. Unha vez pechado o prazo de inscricións pretenden anotar outros xogadores que non figuraban na listaxe inicial remitida polo propio clube, ao que se lle respondeu que non se poden inscribir xogadores fora do período previsto na normativa do torneo.
3. Non é certo que houbera un intento de subsanar un erro no prazo de rectificación previsto na normativa. O que se pretende é tramitar unha inscrición extemporánea de xogadores unha vez vencido o prazo establecido. O prazo de rectificación de erros está concebido para sanar os defectos que se perciban na tramitación da inscrición de xogadores e non se pode considerar un erro a subsanar a non inclusión de xogadores na listaxe remitida á FGTM.
4. Respecto de que o Club del Mar non organizará ningunha proba na que non participen os seus xogadores é unha decisión que debe tomar como club antes da solicitude da organización de calquera evento, e a motivación de cancelar a proba baseada no feito de que participen ou non xogadores desa entidade, non debe quedar ao albor da decisión arbitraria dos responsables do Club del Mar. No momento que se comprometen á celebración dun torneo deberán asumir a

- súa responsabilidade como organizadores, non podendo cancelar de forma caprichosa e por motivos espurios alleos a calquera razón de carácter deportivo.
5. Non é certo que se impedira ao Club del Mar a inscrición dos seus xogadores no torneo que eles mesmos organizan. De feito, chegaron a tramitar a alta no campionato de xogadores vencellados a ese Club. O que non se permitiu foi a inscrición de outros xogadores fóra do prazo establecido na normativa.
 6. Idéntica solución adoptou o Club del Mar respecto dos derradeiros campionatos galegos, decidindo de xeito unilateral, arbitrario e inxustificado a cancelación do campionato sen mediar unha motivación razoable, ocasionando o evidente trastorno á FGTM e clubs participantes.
 7. A gravidade dos feitos é de tal magnitude que a FGTM remitirá un informe ao Xuíz Único a fin de verificar si son obxecto de sanción e si os danos que eventualmente puideran ocasionar a outros clubs son merecedores de reparación por parte da entidade responsable.